



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE FEBREIRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1763/2017.- DESIRÉE TEIJEIRO OSORIO.- Cambio de sentido de subida das escaleiras tradicionais existentes na fachada da vivenda unifamiliar na Rúa Pico Sacro nº 14.-

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para cambio de sentido de subida das escaleiras tradicionais existentes na fachada da vivenda unifamiliar sita na Rúa Pico Sacro nº 14.- LIC/1763/2017. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á rectificación do acordo relativo á reclamación de indemnización por danos da empresa Proyectos e Inmuebles de Galicia, S.L. no SUNP-11 (Castiñeiriño). EXP/38/2015. Acórdase rexeitar o recurso de reposición formulado por Proyectos e Inmuebles de Galicia SL contraa cordo da Xunta de Goberno de 23-11-2018 que rexeitou a solicitude de devolución dos ingresos realizados pola citada mercantil a favor de EMUVISSA no procedemento de expropiación do SUNP-11 do Castiñeiriño.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da sinatura dos acordos da comisión bilateral específicos para cada ARI correspondente a súa anualidade 2018, ao abeiro do programa de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal 2018-2021. Dase conta da sinatura dos acordos para as catro ARIs

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a deixar deserta a licitación destinada á compra dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

5 a 274.- Proposta da Concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

275.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación da exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana a COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO. Apróbase a proposta.

276.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de data 11.10.18, do imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

277.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á aprobación do proxecto de expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-01, para habilitar crédito no orzamento 2018 prorrogado ao exercicio 2019 para a asunción directa do servizo de guindastre e depósito e a ORA, a través de TUSSA. Apróbase a proposta.

278.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución da fianza para responder do contrato de "Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015". Apróbase a proposta.

279.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á execución da resolución nº 32/2019 do TACGal, que supón anular o procedemento de licitación do contrato de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes. Acórdase a execución da resolución do TACGal que supón anular o procedemento de licitación do citado contrato.

280.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación das bases do XII premio internacional COMPOSTELA PARA ALBUMS ILUSTRADOS, no marco da XIX campaña de animación á lectura. Apróbase as bases do XII Premio Internacional "Compostela" para álbums ilustrados que convoca o departamento de Educación e Cidadanía coa editorial Kalandraka, no marco da XIX Campaña de Animación á Lectura. O premio está dotado de 9.000 euros, dos que 8.000 son achegados polo Concello e 1.000 euros pola editorial Kalandraka.

281.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación das bases da convocatoria do premio de ensaio e creación audiovisual XOHANA TORRES para 2019. Apróbase as bases do premio, que establecen dúas modalidades do galardón, ensaio e creación audiovisual, cunha dotación de 2.500 euros para cada unha delas. Apróbase a convocatoria para o ano 2019, que se abrirá o vindeiro 8 de marzo de 2019. O prazo de presentación dos traballos comeza no mesmo 8 de marzo remata o 31 de decembro.

282.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa ao rexeitamento da oferta presentada pola empresa GONZACAR SL para a compra dun vehículo tipo furgoneta para o departamento da UMAD do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á recepción da urbanización do polígono 2 do SUNP-28. A Barcia. Acórdase estimar parcialmente o recurso de reposición interposto por GESPROCAR SL contra o acordo da Xunta de Goberno de data 2-3-2018 sobre recepción da urbanización do polígono 2 do SUNP-28 (Barcia) no senso de eliminar a obrigatoriedade de acreditar a constitución da garantía do 10% das obras de urbanización para responder do período de garantía. Autorízase a devolución da fianza que consta depositada por GESPROCAR con data de 25-11-1997.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización da redacción dun proxecto modificado das obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela municipal EQ1 no parque empresarial da Sionlla. Apróbase a redacción dun proxecto modificado, para o que se estima un incremento orzamentario do 9,96 por cento, Acórdase tamén a suspensión parcial das obras na zona afectada.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto técnico de obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes, FASE II. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 449.818,409 euros, e un prazo de execución de cinco meses.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á apertura dos prazos e do procedemento de admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Apróbase a proposta, segundo os seguintes prazos:

_O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de reserva de prazas e traslado do alumnado actual e das persoas traballadoras das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños será entre os días 1 e 11 de marzo de 2019, ambos inclusive

_O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 16 de abril de 2019

_A lista provisional de admitidos/as e lista de agarda farase pública entre o 2 e o 10 de maio, e o prazo para presentar reclamacións será de 10 días

_A relación definitiva de admitidos/as e lista de agarda farase pública entre o 27 de maio e o 31 de maio

_O prazo de matrícula será do 3 ao 17 de xuño

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa á modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno do 20-12-2018 relativa á participación do Concello de Santiago de Compostela no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal-Plan Único POS+2019”.

Acórdase participar no POS+ 2019 da Deputación da Coruña, que prevé unha achega para Santiago de 856.246,86 euros, e apróbase tamén o Plan Complementario de 2019 cun orzamento previsto de 447.065 euros.